

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO DÍA 30 DE XUÑO DE 2015.

Na vila de Malpica de Bergantiños, na súa Casa consistorial, sendo ás 20:00 horas do día **trinta de xuño de 2015** baixo a presidencia do Sr. alcalde **D. Eduardo José Parga Veiga** reuniuse o Pleno do Concello de Malpica de Bergantiños, para os os efectos de realizar a sesión extraordinaria convocada para o día da data.

Concelleiros asistentes:

D. Miguel Ángel Fernández Mirás.
D. Iago Espasandín Varela
D^a María Soledad Blanco Gorín.
D^a Noelia Freijeiro Novo
D^a María del Pilar Doldán Pose.
D. Alfredo Cañizo Garrido.)
D. Antonio Manuel Pereira Rodríguez
D^a María del Carmen Sánchez Varela
D^a María Cristina Castro Pose.
D^a María Isabel Loureiro Varela
D. Francisco José Souto Barreiro.

Concelleiros ausentes (sen xustificar):

D. Álvaro Carril Rodríguez

Interviu como secretaria : Dona Mónica Pichel García.

Interviu como interventora: Dona Eva M^a Casal Sanjurjo.

Comprobado que se dá o quórum legalmente esixido, declárase aberta a sesión polo Sr. alcalde, procedéndose ao tratamento dos asuntos seguindo a rigurosa

ORDE DO DÍA:

PRIMEIRO: Determinación da perioricidade das sesións ordinarias do Pleno da Corporación e da Xunta de Goberno Local.

A secretaria da conta da proposta da Alcaldía que a continuación se transcribe:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Como consecuencia da constitución do Concello de conformidade cos resultados das eleccións locais do pasado vinte e catro de maio, faise necesario fixar a periodicidade das sesións do Pleno e da Xunta de Goberno Local

Visto o establecido nos art. 46 da lei 7/985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, os arts. 210 e ss da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia art. 46 e ss do RDLex 781/1976, do 18 de abril polo que se aproba o texto refundido de disposicións vixentes en materia de réxime local e os art. 38 e 77 e seguintes do RD 2568/1986, do 28 de novembro de regulamento de organización e funcionamento e réxime xurídico das entidades locais,

Proponse a adopción do seguinte acordo:

Primeiro. Establecer que o Pleno celebre sesión ordinaria, con carácter bimestral, o último xoves de cada mes impar do ano, as vinte horas (20:00 horas) no salón de sesións do Concello. A celebración do mesmo poderá adiantarse ou atrasarse ao día hábil anterior ou posterior no caso de que o último xoves do mes coincida cun día festivo ou inhábil, manténdose a hora da celebración nas vinte horas (20:00 horas).

Segundo. Establecer que a Xunta de Goberno Local celebre sesión ordinaria unha vez cada quince días, no día e hora que se estableza por Decreto da Alcaldía.”

Aberto o debate o señor Cañizo pregunta si se podería facer un pleno cada mes e o señor Alcalde responde que no mandato anterior se estableciu esta perioricidade, e que tamén se considera axeitada para este mandato.

Sometido o asunto a votación, apróbase a proposta da Alcaldia anteriormente transcrita por 8 votos a favor (6 do PP e 2 do Grupo Mixto) e 4 abstencións de AIM.

SEGUNDO: Determinación das Comisións Informativas que existirán no Concello, composición das mesmas e réxime de funcionamento.

A secretaria da conta da proposta da Alcaldía que a continuación se transcribe:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Visto que o art. 20.1 c) da lei 7/198, do 2 de abril reguladora das bases de réxime local, establece que nos Concello de máis de cinco mil habitantes existirán órganos que teñan por obxecto o estudio, informe ou consulta dos asuntos que teñan que ser sometidos

á decisión do pleno, así como o seguimento da xestión do Alcalde, da Xunta de Goberno Local e dos Concelleiros que ostenten delegación, sen prexuízo das competencias de control que corresponden ao pleno.

Visto que o devandito artigo establece que todos os grupos políticos integrantes da corporación terán dereito a participar en ditos órganos, mediante a presenza de Concelleiros pertencentes ao mesmos en proporción ao número de Concelleiros que teñan no Pleno.

Visto que o art. 20.1 e) 7/1988, do 2 de abril reguladora das bases de réxime local establece que a Comisión Especial de Contas existe en todos os municipios de acordo coa estrutura prevista no art. 116 da mesma norma.

Considerando, pois, o establecido nos art. 20 da Lei 7/1985, do 2 de abril reguladora das bases de Réxime Local, os art. 66 a 68 da Lei 5/1997, do 22 de xullo de administración Local de Galicia e arts. 38, 123 e seguintes do RD 2568/1986, de 28 de novembro Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais,

Proponse a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro. Crear unha Comisión Informativa permanente coa seguinte denominación, ámbito competencial, composición e réxime de funcionamento:

1.- Denominación:

Comisión Informativa de Asuntos Xerais.

2.- Ámbito Competencial:

Comisión Informativa de Asuntos Xerais: exercerá as competencias nas materias que non foran expresamente atribuídas á Comisión Espacial de Contas.

3- Composición. De conformidade co disposto no artigo 66.2 da Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, onde se sinala que “ 2. *El número de miembros será proporcional a su representatividad en el Ayuntamiento o igual para cada grupo. En el último caso se aplicará el sistema de voto ponderado*”, a citada comisión quedará integrada por tres (3) membros, un en representación de cada grupo político municipal, aplicándose así como criterio de representación e procedemento de adopción de acordos o sistema de voto ponderado.

A adscrición concreta a cada Comisión dos membros da Corporación que deban de formar parte da mesma, en representación de cada grupo, realizarase mediante escrito do voceiro do mesmo dirixido á Alcaldía do que se dará conta ao Pleno na primeira sesión

que se celebre. Poderá designarse un suplente para cada titular.

O Alcalde é o Presidente nato de todas as Comisións, sen embargo, a presidencia efectiva de cada Comisión poderá delegala en calquera membro da Corporación, a proposta da propia Comisión, trala correspondente elección efectuada no seu seno.

4.- Réxime de funcionamento das Comisións. As Comisións Informativas celebrarán sesión ordinaria con carácter bimestral, o venres da semana anterior á da celebración do Pleno, ás 13:30 horas.

Segundo. Constituír a Comisión Especial de Contas, ao abeiro dos arts. 20, 116 da lei 7/1985, do 2 de abril reguladora das bases de réxime local.

1.- Ámbito competencial:

As atribuídas polos artigos 20, 116 da lei 7/1985, do 2 de abril reguladora das bases de réxime local e o art. 127.2 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, Regulamento de Organización Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais. Así mesmo actuará como Comisión Informativa de carácter permanente para os asuntos relativos a economía e facenda da entidade, ao abeiro do art. 127.3 do RD 2568/1986, de 28 de novembro.

2.- Composición: De conformidade co disposto no artigo 66.2 da Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, onde se sinala que “ 2. *El número de miembros será proporcional a su representatividad en el Ayuntamiento o igual para cada grupo. En el último caso se aplicará el sistema de voto ponderado*”, a citada comisión quedará integrada por tres (3) membros, un en representación de cada grupo político municipal, aplicándose así como criterio de representación e procedemento de adopción de acordos o sistema de voto ponderado.

A adscrición concreta á Comisión dos membros da Corporación que deban de formar parte da mesma, en representación de cada grupo, realizarase mediante escrito do voceiro do mesmo dirixido á Alcaldía do que se dará conta ao Pleno na primeira sesión que se celebre. Poderá designarse un suplente para cada titular.

O Alcalde é o Presidente nato da Comisión, sen embargo, a presidencia efectiva de poderá delegala en calquera membro da Corporación, a proposta da propia Comisión, trala correspondente elección efectuada no seu seno.

3.- Réxime de funcionamento:

A Comisión Especial de Contas celebrará sesión dentro dos prazos legalmente establecidos cando sexa procedente de conformidade co previsto na lexislación de réxime local e de facendas locais, e cando actúe como Comisión Informativa Permanente, celebrará

a súa sesión ordinaria o venres da semana anterior á da celebración do Pleno ás 13:45 horas.

Terceiro. Este acordo terá efectos inmediatos desde a súa adopción polo Pleno, as correspondentes sesións de constitución das Comisións deberán de realizarse no prazo de dous meses a contar desde a data antes sinalada. “.

Iniciado o debate o señor Manuel Pereira pregunta que por qué se poñen pola mañá cando sempre se fixeron as oito da tarde e o señor Cañizo di que tamén se fai a mesma pregunta. O señor Alcalde responde que se entende que resulta máis operativo establecer ese horario, aos efectos de que os técnicos que teñan que acudir poidan informar na mesma e aos efectos de poder facilitar a documentación correspondente.

Sometido o asunto a votación, apróbase a Proposta da Alcaldía anteriormente transcrita por 6 votos a favor do PP, 2 en contra do Grupo Mixto e 4 abstencións de AIM.

TERCEIRO: Aprobación de delegación de competencias do Pleno na Alcaldía.

A secretaria da conta da proposta da Alcaldía que a continuación se transcribe:

“PROPOSTA ALCALDÍA

Tendo en conta as previsións do artigo 38 do R.D. 2.568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización e Funcionamento das Corporacións Locais, que establece que no prazo máximo de 30 días se procederá á convocatoria de sesión ou sesións extraordinarias do Pleno da Corporación a fin de poder proceder a organizar a mesma.

Considerando que para unha maior axilidade na tramitación dos expedientes resulta necesario proceder a delegar unha serie de competencias que o artigo 22 da Lei 7/1985, de 2 de abril, atribúe orixinalmente ao Pleno da Corporación pero o mesmo artigo prevé a posibilidade de que estas sexan delegadas, propónse ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: Delegar no Sr. Alcalde o exercicio das seguintes competencias:

- 1.- O exercicio de accións xudiciais e administrativas e a defensa da Corporación en materias de competencia plenaria.
- 2.- A declaración de lesividade dos actos do Concello.
- 3.- As contratacións e concesións de toda clase cando o seu importe supere o 10 por 100 dos recursos ordinarios do Orzamento e, en calquera caso, os seis millóns de euros, asícomo os contratos e as concesións plurianuais cando a súa duración sexa superior a catro anos e os plurianuais de menor duración cando o importe acumulado de tódalas

anualidades supere a porcentaxe indicada, referido ós recursos ordinarios o orzamento do primeiro exercicio e, en todo caso, cando sexa superior á contía sinalada nesta letra.

4.- A aprobación dos proxectos de obras e servizos cando o Pleno sexa competente para a súa contratación ou concesión e cando aínda non estean previstos nos Orzamentos.

5.- A adquisición de bens e dereitos cando o seu valor supere o 10 por 100 dos recursos ordinarios do orzamento e, en todo caso, cando sexa superior a tres millóns de euros.

6.- Os alleamentos patrimoniais cando o seu valor supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do orzamento e, en todo caso, as permutas de bens inmobles

SEGUNDO.- Estas delegacións comprenden tanto as facultades de xestión e dirección como as de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros, incluída a de resolver os recursos de reposición que poideran interpoñerse contra as resolucións dictadas no exercicio das competencias atribuídas pola presente delegación.

TERCEIRO.- O presente acordo de delegación surtirá efecto dende o día seguinte á data do mesmo, sen perxuicio da súa preceptiva publicación no Boletín Oficial da Provincia.”

Sometido o asunto a votación, apróbase a Proposta da Alcaldía anteriormente transcrita por 6 votos a favor do PP e 6 abstencións (4 de AIM e 2 do Grupo Mixto).

CUARTO: Aprobación dos cargos con adicación total e /ou parcial e a retribución dos mesmos, así como as indemnizacións e asistencias por concurrencia aos órganos colexiados.

A secretaria da conta da proposta da Alcaldía que a continuación se transcribe:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

O alcalde do concello, de conformidade co sinalado no artigo 75 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e en relación coa determinación, tanto de retribucións polo desempeño con dedicación exclusiva do exercicio do cargo da alcalde e concelleiros así como da contía das asistencias pola concurrencia efectiva as sesións dos órganos colexiados da Corporación, visto o informe emitido o 26 de xuño de 2015 pola intervención municipal., propón ó Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos

PRIMEIRO. -As retribucións polo desempeño con dedicación exclusiva dos postos da Alcaldía, e do Concelleiro delegado de Obras e Servizos, e de Seguridade Cidadana e Tráfico, serán as seguintes:

1.1.- A retribución do posto de Alcaldía para o exercicio 2015 polo desenvolvemento do cargo con dedicación exclusiva queda establecida en 42.189,28 euros brutos

anuais, distribuídos en doce mensualidades de 3013,52 euros e dúas pagas extras de 3.013,52 euros, a percibir nos meses de xuño e decembro.

1.2- A retribución do posto de Concelleiro delegado de Obras e Servizos municipais e Seguridade Cidadana e Tráfico para o exercicio 2015 polo desenvolvemento do cargo con dedicación exclusiva queda establecida en 34.000 euros brutos anuais, distribuídos en doce mensualidades de 2.428,57 euros e dúas pagas extras de 2.428,57 euros, a percibir nos meses de xuño e decembro

1.3- Os membros da corporación afectados polo presente acordo serán dados de alta no correspondente código de conta de cotización ao Rexime Xeral da Seguridade Social, con efectos económicos e data de alta no referido réxime o día seguinte da aprobación do presente acordo.

SEGUNDO .- Que os membros da Corporación que non teñan adicación exclusiva o parcial perciban en concepto de asistencias por concurrencia efectiva as sesións dos órganos colexiados que se citan, as seguintes contías:

- Plenos: 90 euros/sesión
- Xuntas de Goberno Local: 90 euros/sesión
- Comisións Informativas: 90 euros/sesión
- Dietas en desprazamentos/quilometraxe: aplicarase o R.D. 462/2002 e a Orden do Ministerio de Economía e Facenda 3770/2005, do 1 de decembro ou norma que no futuro a substitúa.”

Aberto o debate, a señora M^a Isabel Loureiro intervéen para sinalar que considera excesiva a retribución do concelleiro de obras, que considera lóxica a retribución do señor Alcalde pero non a do concelleiro de obras, indicando que supón un coste para o Concello. Di que lle parece excesivo que se cobren esas cantidades atendendo á renda per cápita do Concello e que se fixa unha retribución superior á do Alcalde de Barcelona e o de Carballo. O señor Alcalde di que estima necesarias as dúas dedicacións e que ao longo dos catro anos de mandato se viu como ambas dedicacións resultaron moi necesarias, de feito había non dúas senón tres dedicacións. Di que si os vecinos os votaron, será porque consideran que fixeron o adecuado e que están conformes coas dedicacións que se proponen. Sinala que a dedicación do concelleiro de obras aumentou porque ten máis competencias, agora ten a delegación de seguridade e tráfico, que antes non tiña. Di que a Alcaldía se pon o mesmo sueldo que antes co mesmo cinco por cento de baixada, e que si as dedicacións retribuídas son merecidas ou non, o dirán os vecinos nas eleccións.

O señor Cañizo intervéen para sinalar que por qué sale máis sueldo, que aparecen uns cincuenta e pico mil e a interventora pide a palabra ao señor Alcalde, que lle concede a palabra para sinalar que o salario fixado na proposta da Alcaldía non supera os límites das retribucións pois noutro caso o informe non podería ser favorable, di que o neto vai na Seguridade Social.

A señora Loureiro sinala que o custe total do salario da alcaldía é o que é e que se trata dun custo que ten que asumir o Concello, inclúa ou non a seguridade social, que o custo salarial o asume o Concello.

O señor Alcalde responde que non cobra esa cantidade, que parte é para seguridade social, que non se leva eses cartos para a súa casa e a señora Loureiro di que o certo é que se trata dun custo que ten que abonar o Concello.

A señor Cañizo di que se trata dunha proposta que fai o PP e que o seu grupo non a vai apoiar, que o pobo será o que xulgue no seu día.

Rematado o debate, sométese o asunto a votación, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: 6 do PP

Votos en contra: 6 (4 de AIM e 2 do Grupo Mixto).

Producido o empate, sométese de novo a proposta a votación, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: 6 do PP

Votos en contra: 6 (4 de AIM e 2 do Grupo Mixto).

Polo que o citado empate se desfai co voto a favor do señor Alcalde, quedando aprobada a Proposta da Alcaldía anteriormente transcrita.

QUINTO: Aprobación da dotación de axudas aos distintos grupos políticos do Concello.

A secretaria da conta da proposta da Alcaldía que a continuación se transcribe:

“ PROPOSTA DA ALCALDÍA

A sesión de constitución da Corporación se celebrou o día 13 de xuño de 2015, quedando nesa data disoltos os anteriores grupos políticos da anterior Corporación, circunstancia pola que dende a referida data constitutiva da nova Corporación e as datas de presentación dos escritos de constitución dos grupos políticos resultantes das pasadas eleccións do pasado 24 de maio, día 19 de xuño, non estaban formalmente constituídos grupos políticos municipais.

A constitución dos grupos políticos formados polos novos concelleiros electos, de acordo co art. 24 do RD 2568/1986 polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, realizouse no prazo dos 5 días hábiles seguintes ó da constitución da corporación, mediante escritos asinados por todos os integrantes , resultando constituídos os seguintes:

- Grupo Municipal Alternativa dos Independentes por Malpica (AIM) , escrito de constitución con rexistro de entrada de 19/06/2015, nº 2444 formado por 4 concelleiros.

- Grupo Municipal do Partido Popular, escrito de constitución con rexistro de entrada nº 2443 de 19/06/2015 formado por 7 concelleiros.

-Grupo mixto,escrito con rexistro de entrada nº 2442 , de data 19/06/2015 , integrado por dous concelleiros.

A Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de réxime local posibilita, en aplicación disposto no parágrafo segundo do seu artigo 73.3, asignar ós grupos políticos unha dotación económica que deberá contar cun compoñente fixo, idéntico para todos os grupos e outro variable, en función do número de membros de cada un deles, dentro dos límites que, no seu caso, establézanse con carácter xeral nas Leis de Orzamentos Xerais do Estado e sen que poidan destinarse ó pagamento de remuneracións de persoal de calquera tipo ó servizo da corporación ou á adquisición de bens que poidan constituír activos fixos de carácter patrimonial.

Visto o informe de data 26 de xuño de 2015 emitido pola intervención municipal.

Por todo o exposto propónse ó Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO. Asignar a cada un dos grupos políticos constituídos polos membros do pleno a efectos de su actuación corporativa, as seguintes asignacións económica anuais; asignacións determinadas por un compoñente fixo de 600 € / ano por grupo político e un compoñente variable de 600 € / ano por cada membro integrante do grupo político:

Grupo político	Nº de concelleiros	Compoñente fixo	Compoñente variable	TOTAL
Grupo municipal Alternativa dos Independentes de Malpica	4	600,00	2.400,00	3.000,00
Grupo mixto	2	600,00	1.200,00	1.800,00
Grupo municipal do Partido Popular	7	600,00	4.200,00	4.800,00
			TOTAL ASIGNACIONES	9.600,00

			ANUAIS	
--	--	--	---------------	--

SEGUNDO. As asignacións económicas anuais se farán efectivas no duodécimo mes do ano e referidas os doce meses de cada anualidade, facéndose efectiva por ano completo e con referencia ó primeiro día do ano natural que corresponda, salvo no seguintes casos, en que se liquidará por días: no ano 2011, de constitución dos grupos políticos resultantes das eleccións municipais de 2011, dende o día da constitución do grupo ata o 31 de decembro dese ano. No ano 2015 de termo do mandato, dende o 1 de xaneiro ata a data de sesión de constitución da nova corporación

TERCEIRO. Cada un dos grupos políticos constituídos polos membros do Pleno a efectos de su actuación corporativa, deberán levar unha contabilidade específica da asignación económica anual, con separación de ingresos recibidos e gastos efectuados e soportados na oportuna documentación acreditativa que cumpra os requisitos formais esixidos polas normas mercantís e fiscais, que será posta a disposición do Pleno sempre que este órgano a solicite, en aplicación do sinalado no parágrafo 5 do artigo 73.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de réxime local. “

A señora M^a Isabel Loureiro intervéñen para sinalar que solicita que a asignación se faga por separado e o alcalde responde que non pode ser. O señor Souto Barreiro di que non comprende por qué ten que integrarse no grupo mixto cando noutras lexislaturas dándose o mesmo suposto, non se producía tal integración e os concelleiros interviñan por separado. O señor Alcalde di que xa foi explicado pola secretaria do Concello, que se deben integrar no grupo mixto por aplicación da Lei galega de administración local. O señor Cañizo di que nunca pasou esto e que non pasaría nada porque o señor Alcalde permitirá que non se integrasen no grupo mixto e o señor alcalde di que mantén a súa proposta.

Sometido o asunto a votación, apróbase a proposta da Alcaldía por 6 votos a favor do PP, 2 en contra do Grupo Mixto e 4 abstencións de AIM.

SEXTO: Nomeamento de representantes do Concello nos diferentes órganos colexiados.

A secretaria da conta da proposta da Alcaldía que a continuación se transcribe:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Como consecuencia da constitución do Concello de conformidade cos resultados das eleccións locais do pasado vinte e catro de maio, faise necesario levar a cabo o

nomeamento dos representantes do Concello en determinados órganos colexiados nos que está representado,

Visto o establecido no art. 38 do RD 2568/1986, de 28 de novembro de regulamento de organización e funcionamento e réxime xurídico das entidades locais,

Proponse a adopción do seguinte acordo:

Primeiro. Nomear de conformidade co previsto no art. 126 da lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, aos seguintes representantes do Concello no Consellos Escolares dos centros públicos radicados no termo municipal.

	C.RA NOSA SEÑORA DO FARO	CEIP X. ROGUEZ	CEIP MILLADOIRO	IES URBANO LUGRIS
Titular	Miguel A. Fernández Mirás	Eduardo José Parga Veiga	Noelia Freijeiro Novo	Eduardo José Parga Veiga
Suplente	Eduardo José Parga Veiga	M ^a del Pliar Doldán Pose	Miguel A. Fernández Mirás	Iago Espasandín Varela

Segundo. Nomear de conformidade co previsto nos arts. 10 e 11 dos Estatutos do Consocio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, como representante do Concello na asemblea xeral/pleno do devandito Consorcio ao alcalde do Concello, D. Eduardo José Parga Veiga.

Terceiro. Nomear como representante do Concello nos órganos colexiados que a continuación se relacionan ao alcalde do Concello, D. Eduardo José Parga Veiga e como suplente do mesmo ás/aos seguintes Concelleiras/os:

- D/D^a Miguel Ángel Fernández Mirás como suplente do representante do Concello no Grupo de Desenvolvemento Rural (GDR) e no Grupo de Acción Costeira (GAC).
- D/D^a Noelia Freijeiro Novo como suplente do representante do Concello no Fondo Galego de Cooperación e Solidaridade(C.I.F. 15629629, inscrito co número 4688 sección 1^a no Rexistro Provincial de Asociación Voluntaria de Galicia.
- D/D^a María del Pilar Doldán Pose como suplente do representante do Concello na Asociación Española de Cidades da Cerámica (AeCC).
- D/D^a Miguel A. Fernández Mirás como suplente do representante do Concello na

Asociación .Neria.

Cuarto: Respecto á a composición da **Mesa Local de Comercio** do Concello de Malpica de Bergantiños, considerando o disposto no Decreto 183/2011, do 15 de setembro, polo que se regulan as mesas locais do comercio (DOG núm. 188, de 30 de setembro de 2011), no que se sinala que o alcalde ou persoa en quen delegue exercerá as funcións da presidencia das mesas locais do comercio e considerando que esta Alcaldía mediante resolución nº 337/2015 procedeu á revogación da Presidencia no seu día delegada, propónse a Mª del Pilar Doldán Pose como vocal en representación da Administración local.

Quinto: Respecto ao Comité de Irmandamento co Concello de Malpica del Tajo (acordo plenario de data de 26 de marzo de 2015) procede a modificación do citado acordo dada a existencia de 3 grupos municipais e non 4 no presente mandato, aos efectos de determinar que esté composto polos seguintes membros:

Presidente: Alcalde do Concello de Malpica de Bergantiños

3 representantes da corporación, un por cada grupo político presente na mesma e elixidos a proposta dos seus membros.

3 representantes do movemento asociativo Malpicán, elixidos a proposta dos representantes das asociacións inscritas no rexistro de asociacións do Concello de Malpica, convocados ó efecto.

1 Traballador/a do Concello de Malpica da área de cultura e turismo.

Sexto:. Notificar a presente aos nomeados e dar traslado do presente acordo aos correspondentes órganos.”

A señora Mª Isabel Loureiro pide que se acuda aos Consellos escolares porque ten coñecemento de representantes que non acudían, polo que pide que esa representación se faga realmente efectiva.

O señor Alcalde responde que non é certo que non se acuda, que ao R. Otero sí se acudía, e ao Milladoiro por problemas de horario se acudía menos pero que ao Instituto o señor Alcalde acudiu en moitas ocasións.

Sometido o asunto a votación, apróbase a proposta da Alcaldía anteriormente transcrita por 6 votos a favor do PP e 6 abstencións (4 de AIM e 2 do Grupo Mixto).

SÉTIMO: Dación de conta das resolucións da alcaldía de nomeamento de Tenentes de Alcalde, constitución da Xunta de Goberno Local e delegación de competencias.

Pola secretaria dáse conta da resolución da alcaldía nº 336/2015 de 26 de xuño que a continuación se transcribe:

“RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA N° 336/2015

Nomeamento de membros da Xunta de Goberno Local e delegación de atribucións.

LOGO DE VER a constitución da nova Corporación, en sesión especial que tivo lugar o 13/06/2015, como consecuencia das eleccións municipais celebradas o 24 de maio, estímase que procede determinar no novo réxime de organización e funcionamento deste Concello, dentro do que se atopa a Xunta de Goberno Local como órgano de carácter necesario nos Municipios que contén cunha poboación de dereito superior a cinco mil habitantes, conforme establece o artigo 20.1 b) da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.

TENDO EN CONTA que, conforme ao artigo 23 da citada lei, a Xunta de Goberno Local estará integrada polo Alcalde que a preside e por un número de concelleiros non superior ao tercio do número legal dos mesmos, nomeados e separados libremente polo Alcalde.

TENDO EN CONTA, que o citado órgano ten como función propia e indelegable a asistencia permanente ao Alcalde no exercicio das súas funcións, así como aquelas outras que lle deleguen o Pleno ou o Alcalde ou lle atribúan as leis.

TENDO EN CONTA as facultades que a esta Alcaldía lle confiren o artigo 23 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local, en relación co disposto nos artigos 43.2, 52 e 53 do Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, con esta data RESOLVO:

Primeiro. Nomear membros da Xunta de Goberno Local do Concello de Malpica de Bergantiños ás/aos seguintes Concelleiras/os:

- D. Miguel Ángel Fernández Mirás.
- D. Iago Espasandín Varela.
- D^a M^a Soledad Blanco Gorín.
- D^a Noelia Freijeiro Novo

A Xunta de Goberno Local estará integrada polo Alcalde, que exercerá a Presidencia, e as/os Concelleiras/os antes mencionados.

Segundo. Deixar sen eficacia calquera Resolución de Alcaldía anterior de delegación de competencias da Alcaldía na Xunta de Goberno Local.

Terceiro. A Xunta de Goberno Local asumirá as funcións de asistencia e asesoramento que a esta Alcaldía lle atribúen directamente os artigos 23.2 da Lei 7/1985, e 53 do ROF, así como as que lle atribúan directamente as leis e Bases de Execución do Orzamento municipal; e por delegación desta Alcaldía, asumirá as seguintes competencias:

- 1.- As aprobacións dos instrumentos de planeamento de desenvolvemento do planeamento xeral non expresamente atribuídas ao pleno, así como da aprobacións dos instrumentos de xestión urbanística e os proxectos de urbanización.
- 2.- Respecto ás atribucións da Alcaldía como órgano de contratación respecto dos contratos de obras, suministro, servizos, de xestión de servizos públicos, contratos administrativos especiais e contratos privados, délegase na Xunta de Goberno Local: a adxudicación dos respectivos contratos (sempre que o seu importe exceda do fixado pola normativa de contratación para a celebración do contrato menor), así como a disposición do gasto nos respectivos contratos sempre que o seu importe exceda do fixado pola normativa de contratación para a celebración do contrato menor .
- 3.- O outorgamento de licencias reguladas na lexislación urbanística ou na sectorial que resulten de aplicación por remisión desta, incluídas as licenzas de actividade (apertura ou funcionamento).
- 4.- A emisión de informe nos expedientes seguidos para o outorgamento das licenzas reguladas na lexislación urbanística ou na sectorial que resulten de aplicación por remisión desta, incluídos os das licenzas de actividade (instalación e apertura ou funcionamento)
- 5.- A emisión de informe nos expedientes seguidos para o outorgamento das licencias reguladas na lexislación urbanística ou na sectorial que resulten de aplicación por remisión desta, incluídos os de apertura de establecemento ou instalación.
- 4.- Dentro da competencia prevista no apartado 21.1 f), sobre xestión económica e s) relativa á competencia residual, délegase a a resolución dos expedientes relativos ao outorgamento de subvencións a particulares, entidades públicas ou privadas e imposición de sancións en relación coas mesmas, segundo o previsto legalmente.

Cuarto. O réxime xurídico da presente delegación será o previsto con carácter xeral nos artigos 114 a 118 do Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento, e réxime xurídico das Entidades Locais, correspondendo así ao órgano delegante (a Alcaldía) a resolución dos recursos de reposición que se plantexen contra os actos dictados pola Xunta de Goberno Local en exercicio das atribucións conferidas por delegación.

Quinto: Nomear Tenentes de Alcalde do Concello de Malpica de Bergantiños as/aos Concelleiras/os da Xunta de Goberno Local que a continuación se relacionan, con expresión da súa orde de nomeamento:

- Primer Tenente de Alcalde: D. Miguel Ángel Fernández Mirás.

- Segundo Tenente de Alcalde: D. Iago Espasandín Varela.
- Terceiro Tenente de Alcalde: D^a M^a Soledad Blanco Gorín.
- Cuarto Tenente de Alcalde: D^a Noelia Freijeiro Novo.

Sexto. Nomear como delegados da Alcaldía ás/aos seguintes Concelleiros:

Concellaría delegada de Urbanismo e Deportes: D. Iago Espasandín Varela.

Concellería delegada de Obras e Servizos Municipais e Seguridade Cidadana e Tráfico: Miguel Ángel Fernández Mirás.

Concellaría delegada de Educación e Cultura: D^a Noelia Freijeiro Novo.

Concellería delegada de Servizos Sociais e Igualdade: María Soledad Blanco Gorín.

Concellería de Promoción Económica, Comercio, Industria e Emprego: María del Pilar Doldán Pose.

As ditas delegacións abarcarán o exercicio de tódalas atribucións delegables da Alcaldía relativas ás áreas ou materias correspondentes e comprenderán tanto as facultades de dirección como as de xestión, agás a de emitir actos administrativos que afecten a terceiros, e se entenden feitas sen prexuízo das delegacións efectuadas por esta Alcaldía na Xunta de goberno Local.

Sétimo. De conformidade co previsto no art. 44, 46 e 114 do ROF notificar o presente aos Concelleiras/os nomeados/as surtindo efectos desde o día da súa aceptación con independencia da data da publicación.

Oitavo. Proceder a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello e dar conta desta Resolución ao Pleno do Concello na primeira sesión que se celebre.”

OITAVO: Dación de conta da constitución dos grupos políticos municipais.

A secretaria da conta dos grupos políticos constituídos na Corporación (segundo escritos de data de 19.06.2015 con R.E. nº 2442, 2443 e 2444):

Grupo Político Municipal: PARTIDO POPULAR (PP)

Concelleiros integrantes:

D. Eduardo José Parga Veiga.

D. Miguel Ángel Fernández Mirás.

D. Iago Espasandín Varela
D^a María Soledad Blanco Gorín.
D^a Noelia Freijeiro Novo
D^a María del Pilar Doldán Pose.
D. Álvaro Carril Rodríguez.

Voceiros:

Titular: Miguel A. Fernández Mirás.

Suplentes e pola orde que se indica: D. Iago Espasandín Varela
D^a María Soledad Blanco Gorín.
D^a Noelia Freijeiro Novo
D^a María del Pilar Doldán Pose.
D. Álvaro Carril Rodríguez.

Grupo Político Municipal: ALTERNATIVA DOS INDEPENDENTES POR MALPICA (AIM)

Concelleiros integrantes:

D. Alfredo Cañizo Garrido.)
D. Antonio Manuel Pereira Rodríguez
D^a María del Carmen Sánchez Varela
D^a María Cristina Castro Pose.

Voceiros:

Titular: Alfredo Cañizo Garrido.

Suplentes e pola orde que se indica: D. Antonio Manuel Pereira Rodríguez
D^a María del Carmen Sánchez Varela
D^a María Cristina Castro Pose.

Grupo Mixto (en aplicación do previsto no artigo 74.4 da Lei 5/1997 de 22 de xullo de administración local de Galicia):

Concelleiros integrantes:

D^a María Isabel Loureiro Varela (electa polo PSde Ga –PSOE)
D. Francisco José Souto Barreiro.(electo polo BNG).

Voceiros:

Titular: M^a Isabel Loureiro Varela, pero de forma rotatoria en cada pleno.

Suplente: Francisco Souto Barreiro (en función de que pola rotación non ostente a condición de portavoz).

NOVENO: Declaración de incursión en causa de incompatibilidade prevista no artigo 178 2 b) da Lei 5/1985 de 19 de xuño de Réxime Electoral Xeral (LOREG) por parte do concelleiro don Alfredo Cañizo Garrido.

Polo señor Alcalde se manifesta que en aplicación do previsto no artigo 92 do RD 2568/1986 de 28 de novembro, vai a proponer que se retire a proposta da Alcaldía posto que está solicitado un informe xurídico ao respecto que quere incorporar ao expediente, puidendo resultar que se trate dun asunto de competencia de Alcaldía e non do Pleno. Di que cando se dispoña do citado informe, en función do que se acorde se dará conta ao

Pleno do que proceda.

O señor Cañizo manifesta non lle gustaron as declaración feitas polo señor alcalde nos medios de comunicación respecto ao tema, e o señor Alcalde di que o señor Cañizo sabe que resulta incompatible exercer o cargo de concelleiro e a o mesmo tempo como funcionario da mesma Corporación para a que foi elexido. O señor Cañizo di que se pode incorporar ao seu posto de funcionario cando queira e o señor alcalde lle di que poderá incorporarse sempre que renuncie previamente á condición de concelleiro. O señor Cañizo manifesta que xa o sabe pero que lle parece unha lei moi inxusta.

Sometido a retirada do citado asunto a votación, acórdase a súa retirada por 6 votos a favor do PP e 6 abstencións.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Alcalde levántase a sesión sendo as 21:00 horas do día ao comezo indicado, de todo o que, como Secretaria, dou fe e certifico.

O ALCALDE,

A SECRETARIA,

Asdo.: Eduardo José Parga Veiga

Asdo.: Mónica Pichel García